



ADMISIÓN ALUMNADO CURSO 2024-2025

LEXISLACIÓN APLICABLE

- DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro (DOG 11/02/2022)
- ORDE do 21 de outubro de 2022 (DOG 08/11/2022)
- Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos
- Resolución do sorteo público anual das letras de prioridade para resolver os empates de puntuación.

1. **Prazo de presentación do 1 ao 20 de marzo, podendo ser de maneira telemática ou no centro escolar.**
2. **Para iniciar o proceso de admisión dun alumno/a deberán ter en conta o seguinte:**
 - Presentación da solicitude de admisión segundo o Anexo II (procedemento ED550B), aprobado pola Orde do 25 de xaneiro de 2017, que será facilitada polo Centro ou que poden descargar directamente da aplicación: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>.
 - Cada solicitante presentará **unha única solicitude** no centro que solicite praza en primeiro lugar, relacionando nela, por orde de preferencia, os centros nos que solicita praza.
 - **Os datos da solicitude deben ser os que constan nos documentos oficiais.**
 - Dita solicitude irá acompañada de:
 - **Copia do Libro de familia ou DNI do alumno/a.**
 - **Copia do certificado de empadramento.**
 - **No caso de separación ou divorcio, será obrigatoria a sinatura de ambos proxenitores e a resolución xudicial correspondente (ou convenio regulador).**
 - **Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables**
 - Se os pais/nais optan a una praza para alumnado con n.e.e. achegarán a documentación pertinente.
 - No caso de que exista máis demanda que oferta, presentarase a documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados, que fose requirida polo centro.
 - Toda a documentación deberá ser orixinal ou copia cotexada, bastará para iso o selo do centro.
3. O alumnado que xa está admitido no Centro, ten garantida a súa permanencia nel ata a finalización das ensinanzas que o centro imparte.
4. O alumnado que queira trasladarse de centro, deberá presentar a solicitude de admisión no novo centro escolar e comunicalo no centro no que está cursando os estudos.